

PARTICIPACIÓN NA CONFERENCIA FINAL DO PROXECTO “PHILOXENIA PLUS”, UN PROXECTO EUROPEO ENMARCADO NO PROGRAMA MED.

Bruxelas, 12 de novembro de 2014



A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia foi invitada a participar, en representación do Proxecto “Symbios”, na Conferencia Final do Proxecto “Philoxenia Plus” que tivo lugar o pasado día 12/11/2014 en Bruxelas, na sede do Comité das Rexións.

O Proxecto “Philoxenia Plus” ten abundantes puntos de conexión co Proxecto “Symbios”, dado que tamén é un proxecto europeo de cooperación transnacional, enmarcado no Programa MED (INTERREG IVB MED), que se centrou na análise das estratexias de desenvolvemento adecuadas para as zonas rurais mediterráneas afectadas polo cambio demográfico, facendo fincapé na importancia de levar a cabo políticas de acollida ou benvida, dirixidas a fixar poboación ou atraer novos habitantes, nomeadamente mediante a promoción e posta en valor dos produtos endóxenos (<http://www.philoxeniaplus.eu>).

Na dita Conferencia Final do Proxecto “Philoxenia Plus” destacouuse a necesidade de desenvolver políticas de acollida e benvida de novos poboadores nas áreas rurais e de montaña para garantir a súa viabilidade económica e social. Dúas europarlamentarias, Verónica Lope-Fontagné, europarlamentaria por España, e Eva Kaili, europarlamentaria por Grecia, defenderon a priorización destas políticas no ámbito das institucións europeas, pola súa virtualidade para xestionar os desafíos que implica o cambio demográfico e polo seu potencial como nicho de desenvolvemento económico e de creación de emprego.

Sobre esta mesma idea insistiu Apostolos (Alkis) Kalliantzidis, coordinador xeral do Proxecto “Philoxenia Plus”, como presidente-director xeral da entidade de iniciativa social “Local employability (LOC.EM)” de Tesalónica (Grecia), entidade integrante do proxecto, salientando a potencialidade das políticas de acollida como instrumento de desenvolvemento local e destacando a guía metodolóxica para o desenvolvemento das políticas de acollida e mais a guía de sensibilización sobre a necesidade destas políticas como principais produtos deste proxecto (ámbalas dúas publícanse na web do Proxecto “Symbios”:
http://www.proxectosymbios.eu/descargas/symbioteca/guia_metodologica_es.pdf;
http://www.proxectosymbios.eu/descargas/symbioteca/methodologica_guide_en.pdf).

Pola súa banda, Jean-Yves Pineau, representante da entidade Collectif Ville Campagne, unha das entidades francesas integrantes do Proxecto “Philoxenia Plus”, fixo unha exposición máis detallada do contido da guía metodolóxica, enfatizando a necesidade de planificar unha “oferta global” a nivel local no rural que apoie a atracción, o asentamento e a fixación da poboación mediante unha actuación integral que debe incluír o apoio financeiro aos novos poboadores, o acompañamento individualizado a cada familia, facilidades no acceso a vivenda (por exemplo, mediante bolsas de vivendas desocupadas), o apoio administrativo para a realización dos trámites derivados do traslado, a dispoñibilidade de servizos que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar, así como incentivos para estimular a súa participación na comunidade local.

Tendo o Proxecto “Philoxenia Plus” unha clara conexión co obxectivo do Proxecto “Symbios”- Eixo 4.80 do P.O. FSE Galicia 2007-2013, de intercambiar e identificar experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo que poidan servir de base para a difusión de actuacións contra a exclusión territorial e a dinamización das zonas en declive demográfico, a organización da Conferencia Final do Proxecto “Philoxenia Plus” amosou interese por invitar a unha persoa da Dirección Xeral de Familia e Inclusión Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a expoñer as leccións aprendidas no marco do Proxecto “Symbios” que poden resultar útiles para o deseño das políticas de acollida ou fixación da poboación no rural.

A participación da persoa representante do Proxecto “Symbios” na Conferencia Final do Proxecto “Philoxenia Plus” tivo lugar nunha mesa redonda na que tamén participaron representantes doutros proxectos e iniciativas con obxectivos similares procedentes de Goricko (Eslovenia), da Rexión de Calabria (Italia), do Departamento de Gers (Francia) e de Portugal (o Programa RURBAN e a iniciativa da Bolsa de Terras - <http://www.bolsanacionaldeterras.pt/>).

Por último, cómpre subliñar pola súa importancia desde o punto de vista do desenvolvemento rural, a intervención de Georgios Mathioudakis, en representación da Comisión Europea, que informou detalladamente sobre o marco estratéxico e os instrumentos para a axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural (FEADER) e a súa programación para o período 2014-2020. A súa presentación (RD 2014-2020 PHILOXENIAPLUS GM) e máis outras correspondentes á Conferencia Final do Proxecto “Philoxenia Plus” pódense consultar na seguinte ligazón <http://www.philoxeniaplus.eu/2-uncategorised/113-documents-of-final-conference.html>.